



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DO 2025.

Sesión 16/2025-P

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

CONCELLEIROS

Grupo Sadamaioría (SM)

D^a Rebeca Mouriño Neira

D. Marcos Villar López

D^a María Pilar Taibo Fernández

D^a Patricia Martínez Abruñedo

D. Ricardo Berrocal Fariña

Grupo Unidos por Sada (UPSA)

D^a María Nogareda Marzoa

D^a María Soraya Salorio Porral

D. Sergio García López

D. Breogán Blanco González

Grupo Partido Popular de Sada (PP)

D^a Esperanza María Arias Ferreiro

D^a María Isabel Val Armesto

D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)

Grupo Mixto (GM)

D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)

Non adscrito (NA)

D. Fernando España López (Chano)

NON ASISTE

D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM)

D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE», independente)

INTERVENTOR

D. Jaime Presas Beneyto

SECRETARIA

D^a María del Carmen Seoane Bouzas

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 27 de novembro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnense os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de novembro do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 15/2025).



Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 15/2025, ordinaria do 30 de outubro, posta a disposición dos membros da Corporación.

Non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 41/25. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/25: GARANTÍAS PROCEDEMENTO PO333/2008 XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 (A CORUÑA).

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 20 de novembro do 2025, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 41/25, na modalidade de crédito extraordinario 01/25 por importe total de 4.678.721,57 € segundo detalle de estados de gastos e ingresos que seguen:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
132.12001	Seguridade. Soldos grupo A2	-4,244.12
132.12003	Seguridade. Soldos grupo C1	-31,726.41
132.12004	Seguridade. Soldos grupo C2	-1,926.71
132.12006	Seguridade. Trienios	-7,643.27
132.12100	Seguridade. Complemento destino	-28,429.47
132.12101	Seguridade. Complemento específico	-45,571.26
132.13100	Seguridade. Laboral temporal	-45,816.19
132.16000	Seguridade. Cotas sociais	-42,447.12
151.12000	Urbanismo. Soldos grupo A1	-6,900.25
151.12001	Urbanismo. Soldos grupo A2	-9,851.80
151.12003	Urbanismo. Soldos grupo C1	-2,790.12
151.12004	Urbanismo. Soldos grupo C2	-853.27
151.12006	Urbanismo. Trienios	-4,324.14
151.12100	Urbanismo. Complemento destino	-16,092.09
151.12101	Urbanismo. Complemento específico	-15,099.64
151.13000	Urbanismo. Laboral fixo	-644.78
151.13002	Urbanismo. Laboral fixo outras retribucións	-2,842.11
151.16000	Urbanismo. Cotas sociais	-13,265.52
151.22699	Urbanismo. Outros gastos diversos	4,678,721.57
1729.13100	Outros gastos en medio ambiente. Laboral temporal	-19,528.78
432.12002	Información e promoción turística. Soldos grupo B	-8,142.62
432.12100	Información e promoción turística. Complemento destino	-3,910.86
432.12101	Información e promoción turística. Complemento específico	-2,946.52
491.12002	Sociedade da información. Soldos grupo B	-6,275.44
491.12100	Sociedade da información. Complemento destino	-2,417.61



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000017

491.12101	Sociedade da información. Complemento específico	-2,276.88
491.16000	Sociedade da información. Cotas sociais	-6,821.47
9200.35900	Administración xeral. Outros gastos financeiros	-82,000.00
9201.13000	Brigada obras e servizos. Laboral fixo	-8,033.51
9201.13002	Brigada obras e servizos. Laboral fixo outras retribucións	-8,588.74
9201.16000	Brigada obras e servizos. Cotas sociais	-2,800.51
Total		4,244,510.36

Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	3,744,510.36
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público	500,000.00
TOTAL		4,244,510.36

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerábase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».

Intervenñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA) que sinala que será un día de páxina negra do Concello recorda os diferentes gobernos dende a demanda xudicial e a inacción dos mesmos.

A continuación toman a palabra o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) e a sra. Arias Ferreiro (PP), quen lle recorda ao concelleiro do BNG que foi o seu grupo o que iniciou o litixio, ao que pertenceu o Alcalde.

A sra. Nogareda Marzoa (APSU) indica que haberá que abrir a quen tomou esas decisións de maneira inadecuada os expedientes que correspondan cando correspondan e que asuman as consecuencias dos seus actos e non op teñan que asumir os veciños e veciñas e recorda que o Sr. Portela perdeu o tempo movendo papeis e traendo técnicos ad hoc para facer o que quería que lle fixeran. Di que o último requirimento chegou en maio e o Alcalde non fixo nada o presidente, así como unha serie de manifestacións e feitos do sr. Portela Fernández (SM) ao longo dos anos, así como a ratificación polos Xulgados da modificación puntual e non da corrección de erros coa que pretendía enganar aos concelleiros, con informes feitos con trampa polo que chamaban o “concelleiro non electo de Sada Maioría”.

Finalmente intervén o Sr. Portela, que recorda que a revisión de oficio a presentara o BNG.

Prodúcese unha nova rolda de intervencións, na que debaten amplamente as mesmas persoas que interviñeran antes.

O sr. Portela ao pasar á votación di que é preciso que o asunto se acorde por maioría absoluta.

Toma a palabra a secretaria para advertir da necesidade do informe preceptivo de secretaría no caso de requirirse o quórum de maioría absoluta.

Mais logo dunhas aclaracións efectuadas pola secretaria e polo interventor proponse ao fin votar deixar o asunto sobre a mesa.

A continuación procédese a votar deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 UPSA, 3 PP e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.



- Abstencións: 7 (6 SM e 1 GM-BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes deixar o asunto sobre a mesa.

3º.- CONTA XERAL ORZAMENTO 2024.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 20 de novembro do 2025, que recolle:

«1. Inadmitir a alegación contra a conta xeral presentada por Juan Esteban Méndez Leiva no seu propio nome e en calidade de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obreira no Concello de Sada (USO). Rexistro 202599900006588 de 12 .11.2025, por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.

2. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2024.

3. Renderlle a Conta ao Tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo».

Intervén a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición e xustificación da proposta.

Intervén o sr. España López (NA), quen avanza que non vai apoiar as contas:

«Después del espectáculo bochornoso que hemos vivido sinceramente es que lo único que me dan ganas es de levantarme e irme para mi casa, de verdad; no sra. Taibo, ya me iré, no se preocupe, pero al mismo tiempo que usted, no se preocupe. En fin, aprobar Contas de 2024; es curioso que vengamos a aprobar la cuentas de 2024 cuando estamos en el 2025 con las mismas cuentas que en el 2024, pero bueno, porque están los presupuestos prorrogados y todo esto. Pero bueno, hay algunos detalles que hay que tener en cuenta porque además me consta que esto son informes técnicos que evidentemente yo desconozco profundamente porque no me dedico expresamente a poder evaluar este tipo de informes, pero sí me gustaría trasladar a la ciudadanía ciertas cosas que hacen muy difícil que este gobierno sea de fiar.

Por ejemplo, hay un informe que ha presentado en la documentación del pleno el sindicato USO, que de una forma muy sintética digamos que plasma realidades que todos llevamos denunciando, todos los grupos y todos los partidos de la oposición llevamos denunciando durante toda la legislatura.

Un dato interesante, fíjense, durante un ejercicio político, el año 2024, este gobierno acumuló un total de 65 reparos, informes con reparos; eso quiere decir que cada mes que nosotros venimos aquí a reunirnos en un pleno hay 5,5 informes, cada mes. O sea, en definitiva, hay cosas que pasan en la trastienda de la gestión municipal que los habilitados nacionales ponen pegas diciendo 'esto no está bien, esto no es así, esto no se hace' que la ciudadanía no se entera, sin embargo le paga los sueldos todos los meses.

Es curioso también pensar que en este mismo informe que recoge el sindicato USO, y también de forma reiterada hemos dicho aquí muchas veces los partidos de la oposición, está instaurado a nivel del personal, laboral, trabajador del ayuntamiento de Sada una especie de ERE continuo, porque un cuarto del personal son plazas vacantes que no se cubren, y esto evidentemente ahonda en un servicio pésimo al ciudadano y al mismo tiempo en un ahorro ficticio que en los de Sadamaioría llevan estos once años tirando del remanente. ¿Y saben de dónde sale el remanente? Pues miren, una de las partidas de donde sale el remanente es de los puestos de trabajo que no se cubren pero sin embargo tienen partida económica asignada. Y eso va a una hucha, que es la que tantas veces tenemos que modificar el crédito para que el sr. Portela y su equipo de gobierno pues hagan sus gestiones. Porque lo que es gestionar el presupuesto no lo han hecho prácticamente nunca.

Pero podemos ir más allá, podemos ir más allá. No hay personal. Hay departamentos, como puede ser el de urbanismo, que desde 2021 hay plazas vitales, en un departamento de urbanismo como puede ser un técnico de urbanismo que no está cubierta. Desde 2023 también hay una baja ya larga, de larga duración, que no se cubre. No se saca bolsa de empleo público, ¿por qué no se saca? Sr. alcalde, a usted me consta que le han convocado en más de una ocasión la mesa de negociación para cubrir empleo público, ¿sí o no?. ¿Le han convocado para la mesa de negociación, sí o no, no contesta?. Ah, será para el turno de ruegos y preguntas; vale. Entonces, si no se convoca esa mesa de negociación no se cubren empleos públicos, y si no se cubren empleos públicos los sadenses estamos pagando impuestos por un servicio y una atención mediocre. ¿Por qué?, porque al gobierno municipal no le da la gana de contratar a gente, ni a policías, ni a personal de urbanismo, ni a personal administrativo: no les da la gana.

Y ya no hablemos de la RPT. La RPT parece el Santo Grial: todo el mundo trata de buscarla pero ninguno la encuentra. Con lo cual evidentemente apoyar unas cuentas del 2024 sería dar un aval a la gestión económica de Sadamaioría y de este gobierno, y por mi parte desde luego no las voy a avalar y mucho menos a apoyar».

Intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG):



«Boa noite. A Conta Xeral do Orzamento do 2024 entendemos que é un documento técnico elaborado polo departamento de Intervención; agradecemos o traballo do departamento de Intervención. É un documento moi interesante que detalla eses gastos que xeramos e facemos dende a Administración Local. E si que é certo que tivo unhas emendas, observacións por parte dalgún sindicato que certamente dende o BNG si compartimos algunhas das críticas e de feito dende o BNG traballamos por que se melloren eses aspectos, pois moitos dos reparos que ten Intervención sobre as contas son sobre as nóminas e sobre todo sobre a relación de postos de traballo; nós trouxemos unha moción para sacala adiante e esperamos que a nosa pequena achega valga para desatascar este asunto que si que, como se observa na conta xeral, si que é vital para o bo funcionamento do noso concello.

Como entendemos que é iso, unha memoria de en que gastamos os cartos e como os gastamos e un documento basicamente técnico imos votar a favor porque non lle vemos outra opción así que valga para algo, que teña utilidade; sería inútil votar en contra, non vemos a utilidade de votar en contra. Non é que avalemos todas as accións do goberno senón que simplemente vemos que os gastos foron eses, que é o que pon nese documento, e que os reparos que hai tamén son eses e cremos que moitos deles cunha relación de postos de traballo nova, actualizada, pois se 'solventarían'».

Intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia a abstención do seu grupo:

«Una de las cosas que nos llama siempre la atención es que siempre vamos tarde, mal y arrastro; supongo que la contestación será que pasa en todos los ayuntamientos, pero a nosotros lo que nos importa es el nuestro, y sabemos que presentar estas cuentas fuera de plazo puede llevar consigo pues el problema de no poder acceder a subvenciones: no es el caso ahora mismo, pero podría serlo perfectamente.

Repetir el hecho de que son unas cuentas que podríamos opinar políticamente de la pésima gestión que se hace de la economía que entra aquí, pero como se ha dicho, el sr. Graña, esto es un documento técnico, es un documento que lo que presenta es un análisis, una valoración que hace el interventor, y lo que nosotros tenemos que votar aquí es que se presente esto, no evaluar si las cuentas están bien o están mal; está claro que nos sirve para volver a recordar lo mal que se gestiona este concello pero, volvemos a repetir, lo que vamos a votar aquí hoy es ese documento técnico que avala bajo su responsabilidad el sr. interventor.

Está claro que nosotros, desde el partido popular no vamos a aplaudir esas cuentas, podríamos dedicar aquí mucho más rato a analizarlo; no las vamos a apoyar pero también tenemos claro que es un documento técnico y bajo la responsabilidad de este gobierno, pues es lo que presentan, y lo que nosotros queremos que presenten para que podamos optar a subvenciones y demás, porque si no paralizamos todo. Con lo cual nos abstendremos, lógicamente, y les dejamos la responsabilidad en sus manos. Gracias».

Intervén a sra. Salorio Porral (APSU), quen avanza que o seu grupo non ha apoiar a xestión:

«Si, muchas gracias y buenas noches. Efectivamente, como ha dicho la sra. Arias, llegamos siempre tarde, mal y arrastro. Es, como dijo el sr. Graña, es un documento técnico, la Cuenta General es un documento técnico. Estamos de acuerdo en esos dos puntos, pero con respecto a los plazos quería aclarar simplemente, os lo voy a leer directamente del informe, de uno de los informes del interventor, así que no me lo estoy inventando ni estoy sacando conclusiones equivocadas. El plazo para la formación de la Cuenta General tiene fecha tope el catorce de mayo, y como fecha tope el uno de junio para el informe de la Comisión Especial de Cuentas, a la cual aquí la comisión fue el dieciséis de octubre, desde el uno de junio. Exponer al público, 15 días, vale, todo esto, y luego someter la Cuenta General, acompañada de los informes de la Comisión Especial de Cuentas a la aprobación en Pleno, que es lo que hacemos hoy, en su caso, para que pueda ser aprobada antes del uno de octubre. Es decir, que el lunes es uno de diciembre: dos meses de retraso para rendir las cuentas al correspondiente Tribunal de Cuentas. Es decir, todo mal y tarde, como siempre.

En relación al otro informe de intervención, donde se relata una serie de conceptos en los que se puede invertir el remanente del que sale en estas cuentas, muy optimista, puesto que menciona, bueno, es una lista que no voy a leer, no nos vamos a quedar aquí hasta las doce de la noche, pero me llama la atención detalles como por ejemplo la reforma de la jefatura de la Policía Local, que hay un informe de la Diputación que dice que no cumplen las medidas: ahí querían invertir parte de ese remanente; en las pluviales de Sada y sus Contornos; en el camión de saneamiento, que vino siete veces a Pleno, siete veces a Pleno, el camión de saneamiento y que no fuimos capaces de aprobar para llevarlo a un POS de la Diputación; a la humanización del Camino de Ferrer; y puedo continuar muchos más porque ya digo que son en total tres millones de euros para invertir el remanente pero tendríamos que retrotraernos al punto anterior, que de momento quedó sin votación, pero ustedes me dirán cómo van a hacer todas estas inversiones, como el gobierno local va a hacer todas estas inversiones propuestas aquí si el dinero va a quedar bloqueado, depositado en el Juzgado para este concepto del que hablábamos en el punto anterior; difícil lo veo.

Entonces, llegados a este punto me paro, quiero decir, me paro en este momento del debate, pero fue en lo que me paré al iniciar el estudio de este punto para la Comisión de Cuentas del 16 de octubre y repasarlo para el día de hoy para el Pleno. El sr. España hablaba de 65 reparos, yo conté 92, sr. España, no sé si alguno al imprimir imprimí dos veces la misma hoja pero creo que no, creo que no. Ahí hay 92 expedientes de reparos que indica el señor interventor en el papel que nos mandó para la Comisión: en todos el mismo concepto, la misma explicación, que se han omitido requisitos o trámites que puedan dar lugar a nulidad de acto. Le pedimos, en primer lugar se lo pidió la sra. Nogareda, de que nos ampliara esta definición, quedó de mandarnos los expedientes, los informes de todos esos expedientes pero yo se lo recordé el 16 de octubre en la Comisión de Cuentas y creo que se ha olvidado. Al final nos llegó el lunes: 500 páginas de informes, explicando todos estos reparos.

Vale, no nos dio tiempo a leer las 500 páginas, creo que lo puedo confesar públicamente y sin avergonzarme, porque tenemos más cosas que la dedicación a este Pleno, por suerte o por desgracia de cada uno, pero sí, aún así puedo decir aquí públicamente para que se



entere el común de los mortales, los que están aquí y los que están en casa y el que quiera verlo luego en diferido, que hay cuatro millones de euros de los reparos, un total de cuatro millones de euros del presupuesto de 2024, que era más pequeño que el que está actualmente en estudio, digamos, de los cuales doscientos cuarenta y ocho mil euros eran de nóminas, un millón cinco mil de suministros, dos millones trescientos mil de servicios y doscientos setenta y cinco mil de obras.

Me parece un volumen lo suficientemente importante como para estudiar en detalle esos 500 folios que nos mandó el señor interventor, y comprendo perfectamente, por el vistazo que pude echarle en estos días, que lo pudimos mirar en diagonal, porque ya digo que no dio tiempo a verlo más detalladamente, comprendo perfectamente sus reparos porque se repiten cientos y cientos de veces las mismas empresas, las cuales se les compra o se les solicita servicios, que facturan servicios que podrían estar licitados. Es decir, que comprendo perfectamente los reparos. Por ejemplo, el suministro de electricidad; por ejemplo, de suministro de gasoil; por ejemplo, telefonía; por ejemplo, arrendamientos de fotocopiadoras; por ejemplo, mantenimientos de ascensores; por ejemplo, yo qué sé, es que hay tantos, tantos, que ya para rematar y poner la puntilla de lo que llevo veinte meses repitiendo, por ejemplo, las facturas de la ayuda a domicilio, que está con la licitación caducada, con los contratos vencidos y sin renovar. Y todos estos, algunos estarán vencidos y otros están pendientes de renovar, ya hubo un plano extraordinario aquí en el que pedimos que se licitara todo lo que estaba en esa situación, en mala situación, en precario, pero si no se nos hace caso, y seguimos esperando. Entonces no me extraña para nada todos estos reparos.

Dicho todo esto, no podemos apoyar su gestión, aparte de venir tarde viene mal y es imposible apoyarla de esta manera. Nada más. Gracias».

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (6 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 4 (3 UPSA e 1 NA).
- Abstencións: 3 PP.

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

1. Inadmitir a alegación contra a conta xeral presentada por Juan Esteban Méndez Leiva no seu propio nome e en calidade de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obreira no Concello de Sada (USO). Rexistro 202599900006588 de 12.11.2025, por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.
2. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2024.
3. Renderlle a Conta ao Tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 27 de outubro ata o 21 de novembro do 2025 (núms. 1986-2169).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de outubro (núm. 1986, do expediente 2025/G003/002052) ata o 21 de novembro do 2025 (núm. 2169, do expediente 2025/G003/002232).

B. Mocións.

Non se presentaron.

C. Rogos e preguntas.

O sr. España López (NA), formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta ao sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, se tivo tempo de decatarse de como está a situación do mercado municipal.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000017

2ª) Pregúntalle á sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, se é consciente do feito de que á Policía Local se lle pagan a día de hoxe horas tanto económicas, en menor medida, pero tamén en especie, en forma de compensación, unha por dúas.

3ª) Pregúntalle directamente ao alcalde, sr. Portela Fernández (SM), a quen lle di previamente que goberna co orzamento prorrogado, a golpe de modificación de créditos ás veces ata extraxudiciais, moitas veces ás costas do Pleno e das indicacións dos habilitados nacionais, sen realizar obras públicas necesarias para a veciñanza de Sada, con contratos e licitacións caducadas, goberna en definitiva, di, simplemente porque semella que o que lle gusta é gobernar, e vai sobrevivindo cando sabe que o banco (dos acusados) o agarda moi pronto, se non cre que é o momento oportuno de presentar unha cuestión de confianza a este Pleno, se se atrevería a presentala.

O sr. Berrocal responde á 1ª pregunta:

«SR. BERROCAL: Sí, la situación del mercado municipal es una situación que está completamente en precario, tanto el alquiler del local como la gente que está ejerciendo su venta.

SR. ESPAÑA: ¿Las cuotas están al día?

SR. BERROCAL: No se están metiendo cuotas desde el concello, lo que se reciben son unos pagos a cuenta por el uso del...

SR. ESPAÑA: ¿Están al día?

SR. BERROCAL: Tendría que mirar, preguntarlo a servicios económicos, pero se están haciendo desde que se emiten los decretos los ingresos a cuenta».

A sra. Taibo responde á 2ª pregunta:

«SRA. TAIBO: En relación ás horas que di da Policía Local, é un asunto que está xudicializado por unha denuncia da sra. Nogareda e o seu grupo e mentres non se resolva non vou facer declaracións.

SR. ESPAÑA: ¿Pero es usted consciente de que se están haciendo esos pagos o no?

SRA TAIBO: Xa lle contestei, sr. España.

SR. ESPAÑA: No; pues entonces está mintiendo, porque yo tengo documentación que he pedido por registro que dice que sí, que usted las está firmando, y esto, es un delito».

O presidente, sr. Portela, responde á 3ª pregunta:

«Sr. España, mandareille a contestación á súa pregunta co que vén na norma sobre as... (interrompe o sr. España); non, non, unha só as podo usar eu pero contestareille nos supostos nos que se pode presentar. Mandareillos por escrito, todos os supostos nos que se pode poñer».

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) presenta os rogos seguintes:

1º) Roga ao goberno municipal que exixa a reparación das pistas estragadas pola corta de eucaliptos en Carnoedo, segundo llo informaron veciños e veciñas da zona.

2º) Roga que se repartan a demanda carteis para os veciños que o desexen para poñer que non se permite a caza nos seus terreos, en aplicación do artigo 17 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, xa que logo o concello ten moita vivenda dispersa metida no medio de tecores (terreos cinxéticos ordenados) e logo da queixa expresada estes días na prensa por veciños da Cañota (Meirás) de que hai caza preto das súas vivendas.

3º) Roga, con relación o edificio de La Terraza, o seguinte:

«Con data 14/02/2020 publicouse no DOG o Decreto 16/2020 polo que se declarou ben de interese cultural o edificio A TERRAZA.

Por Resolución de 11 de febreiro de 2021 do Ministerio para a transición ecolóxica e reto demográfico, denegouse a prórroga da concesión administrativa para a ocupación do dominio público marítimo terrestre por un quiosco para a venda de licores e refrescos concedida por Orde do 20/07/1922.

Contra esta resolución denegatoria interpúxose polos interesados un recurso de reposición que foi desestimado polo que foi posteriormente recorrido mediante Contencioso administrativo. Sen embargo a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional resolveu con data 16/11/2022 denegar a suspensión da resolución ministerial, solicitada polos anteriores titulares da concesión.

A Demarcación de Costas mediante informe do 11/01/2023 indica que os terreos onde se asenta ese edificio perderon as súas características de zona marítimo-terrestre, que constitúen unha “illa” de dominio público marítimo terrestre e que desde o ano 1985 xa



pasaron a formar parte dos bens do Concello de Sada, porque se emprazan fóra da actual servidume de protección e polo tanto considéranse innecesarios para a protección e utilización do dominio público ao situarse fóra incluso da liña de servidume de protección de costas.

A Demarcación de costas iniciou expediente de declaración de innecesiedade para a protección do dominio público marítimo terrestre deses terreos e o día 1 de marzo de 2023 a Demarcación solicitou ao Concello un informe de innecesiedade, un acordo plenario que certifique o compromiso da Corporación municipal e un acordo polo que se tome coñecemento da situación rexistral.

O Pleno da Corporación, co voto en contra do BNG, na sesión do 31/08/2023, decidiu deixar sobre a mesa o informe previo de innecesiedade.

Agora existe un informe técnico do arquitecto municipal que indica nas conclusións:

- 1.- Que procede a declaración de innecesiedade do dominio público para eses terreos.
- 2.- Que o mantemento da edificación tras a extinción da concesión implica a reversión da mesma á Administración do Estado.
- 3.- Que procede iniciar o expediente de modificación do PXOM para incorporar o decreto de declaración BIC engadindo as determinación oportunas para a súa protección e conservación.
- 4.- Que tras a extinción da concesión, as obrigas de conservación corresponden ao Estado.

Polo exposto:

ROGO ao Presidente que:

- 1.- Envíe con urxencia á Administración do Estado o informe de innecesiedade.
- 2.- Que se inste á Administración do Estado a redactar un proxecto de conservación integral e a realizar as actuacións necesarias de conservación do edificio, previo informe á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta por ser un BIC.
- 3.- Que propoña ao pleno da corporación o expediente de modificación do PXOM de acordo coas pretensións indicadas polos respectivos informes».

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta en concreto que pasou co contedor de papel que había na Escola de Carnoedo e coa xestión de contedores en xeral, que considera que está a ser bastante desastrosa.

2ª) Pregunta polas verteduras de entullo nas Brañas e como está o asunto do ENIL, se se está a facer algo, como está esa xestión, algo polo que di que xa preguntaron noutros plenos e seguen insistindo.

3ª) Pregunta se o goberno non pensa que para o vindeiro curso haberá que cambiar o sistema de axudas para as bolsas de comedor, das que votaron (o representante do BNG) en contra de como se aprobaron as ditas axudas e que considera que non está a funcionar.

(Durante esta intervención do sr. Graña, o presidente ten que solicitar silencio a persoas do público asistente).

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), contesta ás preguntas: sobre a 3ª, das becas de comedor, di que haberá que avaliar como todos os anos no plan estratéxico de subvencións a execución das dúas e a posibilidade de ver como se poden modificar para mellorar o sistema; sobre a 2ª, relativa ás Brañas, di que se está a avanzar no ENIL, que hai pendente unha reunión para a nova delimitación que propoñen para facela coincidir coa zona húmida protexida; e da 1ª, que non pode contestar agora sobre o contedor de papel da Escola de Carnoedo pero intentarán pescudar antes do próximo pleno que pasou con el.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as preguntas seguintes:

